

Actividades III

Contido

Foro2

Webquest2

Wiki3

Tarefas5

Foro

Actividade moi interesante xa que permite a comunicación asíncrona entre os membros do curso. É coma un taboleiro electrónico onde podemos formular calquera problema cunha pequena mensaxe coa intención de que os demais membros podan axudar coas súas achegas ou suxestións, ou ben manter unha discusión pública sobre algún tema.

Cando creamos un curso, automaticamente se xera un foro xeral chamado "foro de novas" que só permite engadir temas de discusión ao profesorado e o

alumnado ten a posibilidade de responder. Ao crear outro foro poderemos configuralo para que a achega do alumnado, que queda rexistrada, poda ser utilizada para cualificación.

Consultade [ESTE PDF](#) para unha explicación gráfica sobre as opcións de configuración.

Webquest

Para os que non saiban o que é, [a galipedia](#) fai unha definición moi sintética e acertada:

*Cóñecense por **webQuest** (WQ) as actividades de aprendizaxe que os estudantes levan a cabo empregando recursos de internet preseleccionados polo docente, de xeito que o alumnado enfoque o seu esforzo na utilización deses recursos e non na súa busca.*

Características

A súa filosofía de aprendizaxe significativa e colaboracionista fai que a tarefa de definir exactamente unha WQ sexa moito máis extensa. Tentaremos facelo repasando como debe ser a súa estrutura tanto interna (o seu "espírito") como externa (o seu "físico").

As WQ están deseñadas para que o alumno desenvolva habilidades esenciais para empregaren a información, é dicir, para clasificala, organizala, analízala e sintetízala correctamente, co obxectivo de xeraren un produto novo que cumpra os fins da aprendizaxe formulada.

A súa invención e difusión débense a Bernie Dodge (Profesor de Tecnoloxía Educativa - Universidade Estatal de San Diego) quen, case por casualidade, aló por 1995 ao ver o resultado da busca, recompilación e reelaboración da información por parte dos seus estudantes fixou a idea básica da estrutura das WQs.

Estrutura das WebQuest

Unha WQ debe ter os seguintes apartados para o alumnado:


- *Introdución.*
- *Tarefa.*
- *Proceso (onde se inclúen os recursos).*
- *Avaliación.*
- *Conclusión.*

Ademais deberá sempre incluír un apartado de créditos e unha páxina para o profesor.

Podedes consultar [ESTA PÁXINA](#) que o explica tamén dunha forma moi sinxela (en castelán).

Para entendelo con exemplos consultade [ESTA PÁXINA](#).

En moodle todo isto está sistematizado polo que será moi doado facer unha. Logo de elixir esta actividade e encher o formulario correspondente aparecerá o formulario para propoñer a actividade que queremos que o alumnado faga e o xeito de cualificala.



Seguidamente construiremos a nosa webquest creando as páxinas establecidas no menú (á esquerda) incluíndo os recursos para o alumnado.



Se alguén quere saber máis...

http://www.finanzasparatodos.es/gepeese/es/inicio/utilidadesAyuda/manuales/webquest_manual_para_novatos.pdf

Wiki

Unha wiki é unha ferramenta que permite crear espazos web de forma rápida e colaborativa mediante a inserción de páxinas sinxelas que poden ser editadas para a súa ampliación, corrección ou mellora. A Wikipedia é posiblemente a wiki máis coñecida.

É, polo tanto, unha actividade moi interesante para motivar ao alumnado nun traballo conxunto que terá un obxectivo final común. Este traballo poderase facer individualmente ou en grupo pero o

resultado final dependerá das achegas de todos, polo que é moi conveniente establecer claramente cal vai ser o obxectivo (tema a desenvolver, con que profundidade e procedemento para a edición, ampliación e revisión).


En moodle é moi sinxelo facer unha wiki. Logo de seleccionar esta actividade e cubrir o formulario co nome e descrición, hai que elixir o tipo de wiki: estudante, grupos, profesor. Normalmente escolleremos a opción grupos porque permite ao profesor e ó alumnado crear e editar a wiki.

The screenshot shows the Moodle interface for adding a new wiki to a topic. The title is "Engadir un novo Wiki a tema 8". The form is divided into sections: "Xeral", "Opcional", and "Configuracións do módulo común". In the "Xeral" section, there is a "Nome" field with the value "Que é unha wiki?", a "Resumo" field with the value "Intentemos entre todos/as facer unha wiki para explicar o que é unha wiki!!!", and a "Tipo" dropdown menu set to "Grupos". The "Opcional" section is empty. The "Configuracións do módulo común" section has a "Modo de grupo" dropdown set to "Sen grupos" and a "Visible" dropdown set to "Mostrar".

Unha vez que premamos no botón "gardar e continuar" pasaremos a inserir a primeira páxina na que deberá estar o núcleo do traballo.

The screenshot shows the Moodle interface for editing a wiki page. The title is "Editar esta páxina 'Que é unha wiki?'". The form has a "Ver" button and an "Editar" button. The "Editar" button is active. The form contains a "Prever" button and a "Cargar de novo esta páxina" button. The main text area contains the text: "Unha wiki é unha ferramenta informática? que permite crear espazos web? de forma rápida e colaborativa mediante a inserción de páxinas web? sinxelas que poden ser editadas? para a súa ampliación, corrección ou mellora. A Wikipedia? é posiblemente a wiki máis coñecida." The text is formatted with square brackets around the words "ferramenta informática", "espazos web", "páxinas web", "editadas", "Wikipedia", and "coñecida". The form also has a "Gardar" button, a "Prever" button, and a "Cancelar" button.

Para establecer enlaces a outras páxinas da wiki nas que desenvolver contidos relacionados cun concepto deberemos introduci-lo entre []. Dándolle a prever visualizaremos como quedaría. Os símbolos ? ao lado dos conceptos indícanos que hai un enlace pero que aínda non foi creada a páxina. Ao premer nestes ? crearemos unha nova páxina que quedará enlazada á ese concepto. Na imaxe podedes observar que ferramenta informática xa está enlazada (hai unha páxina creada para desenvolver o contido) mentres que os outros aínda teñen ?.



Se repetimos en calquera outra páxina da wiki ese concepto automaticamente quedará feito o enlace a esa páxina.

Tarefas

As tarefas son actividades que non podemos incluír en ningunha das categorías que vimos polo que o alumnado debe desenvolverlas utilizando, en maior ou menor medida, outros recursos. Por exemplo, podemos pedir ao alumnado que faga un mapa conceptual de unha unidade ou tema, ben por medio dalgún programa específico como [CmapTools](#), por medio doutra aplicación calquera como msword (o/s arquivo/s creado/s deberán subilos ao curso) ou incluso directamente con papel e bolígrafo; neste caso deberán entregalo nas clases presenciais e a tarefa redúcese a un recordatorio aínda que nos permite introducir unha cualificación.

Podemos escoller entre catro tipos de tarefas:

- **Actividade fóra de liña:** estamos no caso dunha tarefa que deben realizar nun formato non electrónico como o mencionado mapa conceptual en papel e bolígrafo. Os estudantes poden ver unha descrición da tarefa, pero non poden subir arquivos. Sen embargo, os profesores e profesoras poden cualificar ao alumnado que recibirán notificacións das súas cualificacións.
- **Actualización dun só ficheiro:** neste caso, permítese que os estudantes podan subir un arquivo de calquera tipo. Este podería ser un documento realizado cun procesador de textos, ou unha imaxe, ou calquera arquivo específico que se lles pediu que envíen. O profesorado pode cualificar online as tarefas remitidas deste xeito.
- **Texto en liña:** permite ao estudante facer uso do editor de texto HTML para escribir directamente o traballo solicitado.

- **Actualización avanzada de ficheiros:** este tipo de tarefa utilízase cando se solicita ao estudante que entregue máis dun arquivo. Normalmente, o número de arquivos que debe subir especificarase na descrición da tarefa.

En todos os casos haberá unha limitación que é o tamaño máximo do arquivo que deben subir!

Xa empregamos ao longo do curso tarefas en todos os temas polo que tedes exemplos dabondo da súa utilización.

Para crear unha tarefa deberemos escoller o tipo que desexamos e encher o formulario co nome, descrición, cualificación, etc.

Engadir un novo Tarefa a tema 8 ?

Xeral

Nome da tarefa*

Descrición* ?

Trebuchet 3 (12 pt) Normal Idioma

B *I* U ~~S~~ x_2 x^2 $\frac{\Box}{\Box}$ $\leftarrow$ $\rightarrow$

Camión: [body](#)

?

Cualificación ?

Dispoñible para ☐ Desactivar

Data de vencemento ☐ Desactivar

Evitar envíos tardíos

Actualización dun só ficheiro

Permitir enviar de novo ?

Alertas de correo electrónico para profesores ?

Tamaño máximo